

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### **ASUNTO: OFERTA E SELECCIÓN DE 9 PRAZAS, Ó ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2024 LIÑA 3 - ACTIVACIÓN DO EMPREGO, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.**

O Concello de A Lama solicitou unha subvención á Deputación de Pontevedra, ao abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Máis Provincia 2024 - Liña 3. Activación do emprego 2024, publicadas no BOPPO Núm. 2 de data 03.01.24

Esta liña ten como obxectivo a *contratación de persoas desempregadas*, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, para levar a cabo a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, para responder ás necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias, sendo estas necesidades indispensables para satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas.

Segundo indica a orde de convocatoria os concellos deberán contratar o persoal a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial.

Segundo indica a orde de convocatoria todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024.

O Decreto 2024-0040 de data 19.01.24, aproba a solicitude de subvención por importe de 110.961,00.- euros e a "Memoria global das actuacións que se van desenvolver a través da Liña 3 Activación do emprego 2024 do Plan Máis Provincia 2024", para a contratación de 9 persoas traballadoras desempregadas para desenvolver as seguintes actuacións no termo municipal:

1. Reparación dos danos sufridos polos temporais en camiños, estradas, espazos de ocio naturais e edificios municipais: 3 Operarios/as de movemento de terras: 30 horas semanais, 9 meses, 80% xornada.

2. Reforzo das tarefas de limpeza en edificios e locais municipais e edificios públicos: 1 Peón operario/a limpeza: 18,75 horas semanais, 9 meses, 50% xornada.



3. Mantemento, acondicionamento e mellora de espazos públicos: 4 Peóns forestais: 30 horas semanais, 9 meses, 80% xornada.

4. Reforzo do departamento que desenvolve tarefas administrativas: 1 Auxiliar administrativo/a: 25,125 horas semanais, 9 meses, 67% xornada.

A retribución á que terán dereito as persoas traballadoras desempregadas contratadas no citado programa respectará o Salario Mínimo Interprofesional en vigor tal e como especifican as Bases da Deputación de Pontevedra.

Esta selección queda condicionada á Resolución favorable da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra.

O obxecto da presente Resolución é proceder a ofertar as prazas mencionadas, e establece-los criterios para a súa selección, respectando en todo momento o establecido na no Capítulo III Disposicións específicas do programa de Activación de Emprego 2024, das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Máis Provincia 2024:

*“ As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.*

*Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes ós postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.*

*O concello beneficiario será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas, en conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se concede a subvención: para a selección daráselle preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:*

- a) *Persoas desempregadas de longa duración*
- b) *Mulleres con baixa cualificación*
- c) *Persoas candidatas maiores de 45 anos*



- d) *Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación*
- e) *Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo, nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.*
- f) *Vítimas de violencia de xénero*
- g) *Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ou fillas ao seu cargo.*
- h) *Persoas candidatas con niveis de renda mais baixa*

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, DISPOÑO:

1°. Aproba-la correspondente oferta de emprego das prazas antes mencionadas, e tendo en conta que só poderán optar a elas os candidatos que, reunindo as condicións requiridas, previamente remita ó Concello o Servizo Público de Emprego de Galicia. Esta oferta de emprego será remitida tamén o Servizo Público de Emprego de Galicia en modelo normalizado da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade.

2°. Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados, sendo imprescindible ter a categoría referente a cada posto, e tendo en conta a posibilidade de aumenta-la puntuación segundo o baremo exposto a continuación.

#### **BASE PRIMEIRA: REQUISITOS:**

- a) Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Ser español/a ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.



- e) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- h) Para o posto de Operario/a de momento de terras, estar en posesión do carné de conducir C1.
- l) Para o posto de Auxiliar administrativo/a, estar en posesión do título de Bacharelato ou equivalente e do CELGA 4 ou equivalente.

**BASE SEGUNDA: BAREMACIÓN DE MÉRITOS:**

Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

A) Circunstancias persoais:

- Persoas desempregadas de longa duración: máis de 12 meses segundo o Informe de períodos de inscrición do SEPEG: 3,00 Puntos.
- Mulleres con baixa cualificación: mulleres con 30 ou máis anos que non finalizaran os estudos correspondentes ao título de Bacharelato ou Ciclo Formativo de Grao Medio do Sistema de Formación Profesional. 2,80 Puntos.
- Persoas candidatas maiores de 45 anos. 2,60 Puntos.
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación: persoas xoves menores de 30 anos que non finalizaran os estudos correspondentes ao título de Bacharelato ou Ciclo Formativo de Grao Medio do Sistema de Formación Profesional. 2,50 Puntos.
- Persoas que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% 2,40 Puntos.
- Víctimas de violencia de xénero. 2,30 Puntos.
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ou fillas ao seu cargo (certificado emitido pola Xunta de Galicia). 2,20 Puntos.
- Persoas candidatas con niveis de renda mais baixa:

Nivel de renda da unidade familiar (que inclúe cónxuxe, ou parella de feito fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou fillos maiores de 26 anos con discapacidade), renda per cápita:

- Ata 50% IPREM 2022.....2,10 Puntos
- Ata 100% IPREM 2022.....1,90 Puntos



B) Experiencia laboral relacionada con posto de traballo a desenvolver durante os últimos 10 anos: **máximo 1,90 puntos**: 0,50 puntos por ano completo ata un máximo de 1,90 (Acreditado a través do informe de vida laboral actualizado e contratos ou certificados de servizos prestados).

No caso de que a experiencia laboral que se pretenda acreditar para puntuar sexa no Concello de A Lama, e non aporte xustificación documental da mesma, para que sexa susceptible de valoración, deberase efectuar unha solicitude por escrito a tal efecto.

C) Formación especializada realizada nos últimos cinco anos que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo: **máximo de 1 punto**.

- 0.15 puntos por curso que teña relación coas tarefas do posto de traballo a desenvolver, impartidos pola Administración Pública, Universidades, Sindicatos, ou empresas privadas homologadas pola Administración Pública.
- Programas formativos de alternancia Formación-Traballo rematado satisfactoriamente (tipo Obradoiros de Emprego ou Escolas-Taller): 1 punto.

### **BASE TERCEIRA: VALORACIÓN DE COÑECEMENTOS**

Finalizada a fase de valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes o tribunal procederá á valoración de coñecementos coa finalidade de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

Esta fase consistirá nunha proba teórico-práctica oral proposta pola Comisión Seleccionadora sobre os contidos directamente relacionados coas funcións do posto a desempeñar.

**Esta fase valorarase ata un máximo de 3 puntos.**

Os posibles **empates** nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos: terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral establecidos nas bases.



## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

A data e hora da fase de valoración de coñecementos será o día 22 de febreiro de 2024 distribuídos do seguinte xeito para as seguintes ocupacións:

OCUPACIÓN/CATEGORÍA	HORA SELECCIÓN
Operario/a de movemento de terras	09.00 horas
Operario/a de limpeza	10.00 horas
Peón forestal	11.30 horas
Auxiliar administrativo/a	13.00 horas

### **BASE CUARTA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de A Lama, de luns a venres: 09:00-14:00 h ou telematicamente na sede electrónica do Concello A Lama [*dirección <https://concellodalama.sedelectronica.es>*].

O prazo de presentación de solicitudes e documentación remata o 19 de febreiro de 2024 (sendo o propio día 19 de febreiro hábil para presentación das solicitudes e documentación).

#### **Documentación xeral a presentar:**

- ANEXO I Instancia no modelo normalizado
- ANEXO II Declaración responsable do cumprimento dos requisitos
- ANEXO III Declaración de responsable de datos de formación académica
- Orixinal ou copia compulsada do DNI en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade).
- Informe dos períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo SEPEG.
- Para o posto de Operario de momento de terras, orixinal ou copia compulsada do carné de conducir C1.
- Para o posto de Auxiliar administrativo: título de Bacharelato ou equivalente e CELGA 4 ou equivalente.

#### **Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos:**

- Acreditación documental xustificativa da formación especializada en orixinal ou copia compulsada (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)



- Orixinal ou copia compulsada do Informe de vida laboral actualizado
- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados.
- Orixinal ou copia compulsada certificado discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Orixinal ou copia compulsada do Certificado acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orde de protección, ou informe del Ministerio Fiscal).
- Certificado de monoparentalidade emitido pola Xunta de Galicia.

### Nível de renda mais baixo:

- Orixinal ou copia compulsada da Declaración da Renda correspondente ao ano 2022, e no caso de non ter presentado declaración da renda chegar Certificado de imputacións emitido pola Axencia Tributaria correspondente ao ano 2022, da persoa candidata e dos membros da unidade de familiar (que inclúe: cónxuxe, ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores de 26 anos con discapacidade).
- Volante de convivencia
- Orixinal ou copia compulsada do Libro de familia
- Orixinal ou copia compulsada Sentencia de separación ou divorcio
- Certificado de minusvalía do fillo/a maior de 26 anos con discapacidade

### BASE QUINTA: PROCEDIMENTO:

Os méritos apreciaranse pola Comisión Seleccionadora á vista dos datos alegados e probados mediante a documentación oportuna, polas persoas candidatas, e da valoración dos coñecementos que se lles fará.

Aqueles que obteñan a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos e da valoración de coñecementos, serán propostos para a praza.

Tanto a proposta da Comisión Seleccionadora como a ulterior Resolución de Alcaldía serán notificadas ás persoas interesadas mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.



### **BASE SEXTA: LISTA DE RESERVA:**

1.- Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez de *ata o remate do Servizo*, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuación finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a presentación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2.- No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

### **BASE SÉPTIMA: COMISIÓN SELECCIONADORA**

A Comisión Seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

- Presidenta: María Galiza Aguiete Dorrío, persoal laboral do Concello de A Lama, psicóloga do CIM, ou persoa en quen delegue.
  
- Vogais:
  - D<sup>a</sup>. Mónica Barreiro Estévez, persoal laboral do Concello A Lama, traballadora social, ou persoa en quen delegue.
  - D<sup>a</sup> Adriana Fontaiña Solla, persoal funcionario do Concello de A Lama, avogada CIM, ou persoa en quen delegue.
  - D<sup>a</sup>. Ana Isabel Rodríguez Queipo, persoal funcionario do Concello de A Lama, administrativa, ou persoa en quen delegue.
  
- Secretaria: D<sup>a</sup> María Gómez García, persoal funcionario, secretaria-Interventora da Corporación ou persoa en quen delegue.

Asesores da Comisión seleccionadora: D. Emilio Lois Lorenzo, persoal laboral fixo do Concello de A Lama e D<sup>a</sup>. Lucía Fontán Castro persoal laboral fixo do Concello de A Lama.

### **BASE OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

A persoa aspirante proposta presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:





## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza
- Copia da tarxeta de desemprego
- Copia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

A Lama, na data que figura na marxe.

O ALCALDE

A SECRETARIA-INTERVENTORA

David Carrera Cal

María Gómez García

### ANEXO I

#### MODELO DE INSTANCIA

D <sup>a</sup> ./D.		
DNI		
ENDEREZO		
LOCALIDADE		
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA:
TELÉFONO		
EMAIL		

Enterada/o do posto de traballo que o Concello A Lama pretende cubrir ao abeiro do PLAN MÁIS PROVINCIA 2024 LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO, e recibindo citación do Servizo Público de Emprego para participar no proceso selectivo para ocupar un/uns posto/s de:

- Operario/a de movemento de terras
- Operario/a de limpeza
- Peón forestal
- Auxiliar administrativo/a

#### **DECLARO:**

1º. Que coñezo na súa integridade as Bases que rexen a convocatoria.

2º. Que solicito ser admitida/o a esta selección e comprométome a someterme ás Bases que o regulan.



## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

3°. Solicito se teña en conta a documentación presentada para un posto en todos os postos aos que me presento.

Xunto coa presente instancia presento a seguinte **Documentación**:

- ANEXO I Instancia no modelo normalizado
- ANEXO II Declaración xurada
- ANEXO III Declaración de datos de formación académica
- Orixinal ou copia compulsada do DNI en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade).
- Informe dos períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo SEPEG.

Para o posto de Operario/a de momento de terras:

- Orixinal ou copia compulsada do carné de conducir C1.

Para o posto de Auxiliar administrativo/a:

- Título de Bacharelato ou equivalente.
- CELGA 4 ou equivalente

**Outra documentación acreditativa dos méritos:**

- Acreditación documental xustificativa da formación especializada en orixinal ou copia compulsada (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)
- Orixinal ou copia compulsada do Informe de vida laboral actualizado
- Contratos ou certificados de servizos prestados.
- Orixinal ou copia compulsada certificado discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Orixinal ou copia compulsada do Certificado acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orde de protección, ou informe del Ministerio Fiscal).
- Certificado de monoparentalidade emitido pola Xunta de Galicia

Acreditación do nivel de renda máis baixo:



## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

- Orixinal ou copia compulsada da Declaración da Renda correspondente ao ano 2022, e no caso de non ter presentado declaración da renda achegar Certificado de imputacións emitido pola Axencia Tributaria correspondente ao ano 2022, da persoa candidata e dos membros da unidade de familiar (que inclúe: cónxuxe, ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores de 26 anos con discapacidade).
- Volante de convivencia
- Orixinal ou copia compulsada do Libro de familia
- Orixinal ou copia compulsada Sentencia de separación ou divorcio
- Certificado de minusvalía do fillo/a maior de 26 anos con discapacidade

A Lama, a            de            de 2024

Asinado:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A LAMA

De acordo con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, le informamos de que sus datos personales forman parte de un fichero, cuyo responsable es CONCELLO DE A LAMA con domicilio social en Avenida Do Concello 1, 36830 A Lama (Pontevedra). La finalidad de este fichero es la tramitación de las instancias de solicitud de empleo dirigidas al Concello. Si lo desea podrá ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición dirigiéndose por escrito a la dirección señalada, adjuntando una fotocopia de su DNI.

### ANEXO II

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARO:

- Estar en situación de desempleo, estando inscrita/o no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupados dispoñible para o emprego. (Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato).
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto.



## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no su caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

Para o posto de Operario/a de momento de terras:

- Estar en posesión do carné de conducir C1.

Para o posto de Auxiliar administrativo/a:

- Estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.
- Estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente

A Lama, a                      de                      de 2024

Asdo.

### ANEXO III

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE DATOS DE FORMACIÓN ACADÉMICA

##### DECLARO:

O meu nivel mais alto de estudos é:

- Certificado Estudos Primarios
- Título Graduado Escolar
- Título ESO



## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

---

- Bacharelato
- Formación Profesional de Grao Medio
- Formación Profesional de Grao Superior
- Grao, diplomatura ou licenciatura

A Lama, a                    de                    de 2024

Asdo.

